

**ABAU**  
**CONVOCATORIA DE XULLO**  
**2019**  
**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**  
**Segunda lingua estranxeira: Alemán**  
**(Cód. 61)**

**PREGUNTA 1: 2,5 puntos**

**OPCIÓN A e B**

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que ten o alumnado para sintetizalo, indicando o tema principal do mesmo e elaborando unha reescrita que o condense.

O título correcto dado ao texto valorarase con un máximo de 0,5 puntos.

Para a resumo terase en conta a comprensión, a expresión e a corrección escritas concedendo ata un máximo de 2 puntos. Por unha parte, o/a corrector/a valorará se existe unha comprensión total ou parcial do texto por parte do alumnado. Por outra parte, terá en conta a capacidade do alumno/a para se comunicar de forma efectiva, facendo unha exposición coherente das ideas.

Valorarase a riqueza do léxico e que o alumno/a introduza elementos expresivos persoais, sen esquecer a expresión gramatical correcta (competencia lingüística) das respostas.

A. Se existise unha comprensión total do texto e unha expresión gramatical correcta, a puntuación será máxima, sempre que o alumno/a introduza elementos expresivos persoais.

B. Se existise unha comprensión total do texto, mais a expresión non fose gramaticalmente correcta, faranse as deducións oportunas que dependerán da gravidade da incorrección ou do erro. As deducións faranse, entón, axustándose á importancia cualitativa do erro e do número de erros que se cometan na mesma pregunta. Véxaxe máis abaixo a epígrafe “corrección lingüística”.

C. Se a comprensión for parcial, a puntuación máxima asignada á pregunta verase reducida de acordo coa gravidade da falta de comprensión.

**Advertencia:**

O alumno/a deberá evitar a repetición de formulacións lingüísticas xa dadas no texto.

**PREGUNTA 2: 2,5 puntos (cada resposta acertada ata un máximo de 0,25 puntos)**

**OPCIÓN A e B**

Preténdese valorar que o alumnado coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que teña capacidade para explicar este significado.

O alumno/a poderá empregar sinónimos ou incluír exemplos que amosen de maneira clara que comprende o significado da palabra.

Se se indican varios sinónimos para a mesma palabra e algún deles é claramente incorrecto, non se concederá ningunha puntuación á resposta.

Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa.

**Advertencia:** Non se terá en conta a tradución a outra lingua.

**PREGUNTA 3: 2,5 puntos (cada resposta acertada ata un máximo de 0,25 puntos)**

Esta pregunta ten por obxectivo verificar a comprensión do texto e o coñecemento práctico dos aspectos léxicos e morfosintácticos da lingua.

## OPCIÓN A

Ich bin Ärztin und arbeite viel, auch am Wochenende. Bei der Arbeit kann (Modalverb) ich leider keine Musik hören. Nur im Wartezimmer in meiner Praxis läuft für die Patienten immer Musik, meist Klassik wie Bach oder Mozart. Meine Freizeit ist voller Musik. Ich singe (singen) im Stuttgarter Jazzchor. Das ist ein tolles Hobby. Wir haben in jedem Jahr viele Konzerte, nicht nur in Stuttgart, sondern auch in anderen Städten. Im letzten Jahr haben wir auch in Frankreich auf einem Festival gesungen. Ich habe schon als Kind gern gesungen.

## OPCIÓN B

Ich habe zehn Jahre lang in Berlin gelebt (leben). Jetzt lebe ich in einer Kleinstadt. Hier gibt es alles, was man braucht. Es gibt keinen Park, es gibt die Natur drumherum. Der Bus fährt nicht sehr oft. Wenn man Dinge fotografiert, wird man angesprochen. Manchmal freundlich. Abends kommt (kommen) die Fledermaus vorbei und die Grillen sind lauter als in meinen Urlauben am Mittelmeer. Von meiner Wohnung aus kann (Modalverb) ich Schafe, Pferde, manchmal auch Kühe sehen und/oder hören. Mir gefällt es hier.

### PREGUNTA 4: 2,5 puntos

Con esta pregunta quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o tema sinalado na pregunta. Avaliarase igualmente que a expresión lingüística sexa correcta e fluída. Terase en conta a riqueza e emprego axeitado do vocabulario.

- A. Concederanse 2,5 puntos cando a redacción exprese con claridade e de xeito ordenado as opinións, teses e argumentos. O texto deberá estar pois ben organizado, posuír unha secuenciación lóxica e a expresión deberá ser fluída. A expresión gramatical deberá ser correcta.
- B. Concederanse 2 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade e/ou repetición de ideas. Deberá haber fluidez na expresión e unha boa utilización das estruturas sintácticas e morfolóxicas.
- C. Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, se repitan as ideas, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída ou non sexa gramaticalmente correcta. Faranse as deducións oportunas que dependerán da gravidade da incorrección ou do erro. Véxase máis abaixo a epígrafe “corrección lingüística”.
- D. Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, o texto presente erros básicos na expresión lingüística e resulte deste modo difícil a comprensión da intención comunicativa.

### Corrección lingüística:

Os erros ortográficos puntuaranse negativamente de acordo co seu número e importancia (serán máis graves en palabras básicas da lingua alemá ou cando se dean solucións contrarias ás normas lingüísticas do alemán: erros de concordancia e colocación, orde indebida ou inexacta das palabras, uso incorrecto das preposicións, dos casos ou do xénero, erros na formación de interrogativas ou negativas etc.).

A penalización de erros moi graves será de 0,1 puntos, graves 0,05 e leves 0,02.

Un erro repetido na mesma palabra só se penalizará unha vez.

### Valorarase negativamente:

Non responder de forma axeitada ao tema presentado na pregunta.

Non axustarse á extensión establecida.

Repetir literalmente frases que aparecen nos textos do exame.